

Integración da igualdade na PRL

Integración da igualdade na PRL



Integración da igualdade na PRL

Integración da

**Transversalidade de xénero ou
"mainstreaming" de xénero**

"A (re)organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar, por parte dos actores involucrados normalmente nos devanditos procesos, unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas."

(Consello de Europa, 1998)

perspectiva de xénero

no sistema de xestión da

prevención de riscos laborais

da empresa

Recomendacións xerais

Recomendacións xerais

- Potenciar a integración da perspectiva de xénero na xestión preventiva para garantir que a actividade preventiva chega por igual a mulleres e homes (avaliación de riscos, formación e información, participación, investigación de danos...).
- Incluír sistematicamente a **variable de sexo nas estatísticas, enquisas e recollida de datos** que se leven a cabo, así como definir os obxectivos e indicadores de prevención con perspectiva de xénero.
- Establecer **indicadores** que permitan facer o seguimento e avaliar **se se está introducindo o enfoque de xénero** e en que medida se está a facer.

Indicadores de proceso: serven para medir se o proposto está a levarse a cabo e en que medida.

Indicadores de resultados: permiten coñecer se se obteñen os resultados esperados.

Indicadores de impacto: serven para medir o impacto de xénero das accións emprendidas.

Recomendacións específicas

Recomendacións específicas

Son exemplos para unha xestión da prevención inclusiva:

Consulta e participación

- Fomentar a presenza das mulleres nos órganos de participación especializada na prevención de riscos laborais (delegados e delegadas de prevención e comité de seguridade e saúde).
- Representación equilibrada de mulleres e homes nos procesos de consulta e participación.
- Ofrecer formación e información pertinentes sobre as cuestións de xénero ás persoas representantes.

Avaliación de riscos

Deben facerse visibles as diferenzas entre os homes e as mulleres en canto á exposición aos riscos laborais e as súas consecuencias:

- Comprobar se homes e mulleres que traballan nun mesmo posto **desenvolven as mesmas tarefas e da mesma maneira, para a valoración do risco.**
- Ter en conta a **variable sexo para cada tarefa,** operación ou proceso identificados na avaliación.
- Considerar o **risco para o embarazo,** a lactación natural e a saúde reprodutiva con enfoque preventivo, e dispoñer dun protocolo para actuar.
- Evitar os **nesgos por xéneros** na avaliación de riscos.
- Incluír tamén nas **avaliacións específicas** os factores ligados ao xénero, con especial incidencia nas de **riscos psicosociais.**
- Asegurarse de que as persoas que realizan as avaliacións dispoñen de **suficiente información e formación en asuntos de xénero relacionados coa seguridade e a saúde no traballo.**

Planificación da actividade preventiva

- Diseñar postos de traballo e elixir equipos de traballo e de protección individual adaptados e contando coa participación de mulleres e homes.
- Constituír equipos e grupos de traballo con **presenza o máis equilibrada posible,** favorecer relacións sociais, fomentar a cultura de igualdade etc.
- Propoñer medidas correctoras ou preventivas segundo os riscos avaliados para homes e mulleres.

Formación e información

- Ter en conta a **perspectiva de xénero na planificación da formación e da información:** contidos, horarios etc.
- Informar de forma **individualizada** sobre os riscos identificados na avaliación, así como sobre os postos de traballo exentos de risco para mulleres embarazadas ou en período de lactación.
- Informar da **disposición de equipos de protección individual** diferenciados en función das condicións anatómicas e fisiolóxicas de homes e mulleres.
- Na información facilitada e nas instrucións de traballo **evitaranse as mensaxes e imaxes que contribúan a perpetuar estereotipos de xénero** e coidarase o uso non sexista da linguaxe.
- Incluír **formación específica en igualdade nos programas de formación.** Os cursos de formación e material didáctico dispoñible para a súa utilización dentro da organización deben evitar estereotipos de xénero e facer un uso non sexista da linguaxe.
- A **formación para os delegados e delegadas de prevención** deberá incorporar a perspectiva de xénero.
- Fomentar **esta formación** en todos os niveis da empresa.

Vixilancia da saúde

- Realizar a **vixilancia da saúde individual** tendo en conta os aspectos de xénero, para o que se deberá incorporar unha descrición detallada dos postos de traballo, as tarefas e os seus riscos laborais.
- Valorar se os riscos laborais poden afectar a **saúde reprodutiva** dos traballadores e traballadoras.
- Presentar os resultados colectivos da **vixilancia epidemiolóxica por sexos** e analízalos de forma completa e diferenciada.
- Recoller e analizar os **datos de accidente e enfermidade laboral desagregados por sexo.**
- Procurar que o **persoal sanitario** que desempeñe actividades de vixilancia da saúde **conte con coñecementos sobre a relación entre xénero e saúde** e a aplicación do enfoque de xénero nas actividades de saúde laboral.

Integración da igualdade na PRL

Integración da perspectiva de xénero no sistema de xestión da prevención de riscos laborais da empresa